

HORTOS URBANOS

DA DEPUTACIÓN DE LUGO

2024

DOSSIER #3

MOTOCULTOR

CARACTERÍSTICAS, USO E
PREVENCIÓN DE RISCOS



O Motocultor

Características

Tractor dun eixo, excepcionalmente pode levar outro auxiliar, provisto de dúas rodas motrices. Diseñado coma **máquina de tracción e accionamento**. Podéndoselle acoplar distintos apeiros.

Características máis salientables

- Gran maniobrabilidade
- Condución cómoda e sinxela
- Pouca presión sobre o terreo
- Polivalencia

Apeiros que se lle poden acoplar

- Segadora de céspede
- Pá empuxadora
- Fresadora
- Formigoneira
- Grada de discos
- Aspiradora de céspede
- Rodillos
- Pulverizador



Prevenção de riscos asociados ao uso do motocultor

Risco de atrapamento polo tren de azadas

Existen dúas situacións nas que este risco se incrementa, como son as **manobras marcha atrás e cando o eixo de aixadas se atopa cun elemento resistente**, podendo producirse alcance, fundamentalmente das extremidades inferiores, por parte da fresa.

Manobra marcha atrás: Hai que ter en conta que o eixe da fresa sitúase diante dos pés do operario. Existen determinados motocultores antigos nos que a fresa inviste o sentido de xiro (rotando cara o operario) ao inserir a marcha atrás. Cando se manobra, as rodas empréganse coma punto de xiro e a fresa levántase do solo unha determinada altura. Danse, por tanto as seguintes situacións de risco:

- Xiro libre da fresa
- Movemento da máquina cara o operario
- Avance da fresa cara o operario

Eixo de aixadas topa cun elemento resistente: O solo exerce unha determinada resistencia, que variará en función do tipo de solo e do seu grado de humidade. En determinadas circunstancias pódese producir un súbito incremento desta resistencia, debido á presenza de raíces leñosas, suela de labor, existencia de pedras ou de obras. A consecuencia é a elevación imprevista do tren de aixadas, producíndose ao mesmo tempo un incremento no réxime de xiro da fresa. Nestes casos sóense dar unhas actitudes perigosas pretendendo corrixir a situación:

- Colocarse encima da carcasa da fresa
- Dar máis gas

O efecto contrario dáse en solos excesivamente húmidos, o que ocorre é que a fresa se atasca, sendo perigoso exercer excesiva forza sobre as manceiras, xa que a fresa pode producir un movemento irregular producíndose caída.

Medidas de protección a adoptar

O tren de aixadas irá sempre cunha cuberta integral

Revisión e mantemento de dita cuberta

Deberase dispoñer dun mecanismo automático do desembrague que desconecte a transmisión da fresa ao meter a marcha atrás

Dispoñerase dunha maneta con sistema de embrague independente para a marcha atrás, para que en caso de caída se deteña a máquina

Medidas de prevención a adoptar

Toda persoa que manexe o motocultor deberá coñecer as normas de uso

Deberá tamén ler o manual de instrucións

Deberase evitar a marcha atrás, salvo que se dispoña dos mecanismos de protección

No caso de realizar a marcha atrás: deterase o tren de aixadas, desacelerarase e introdúcese a marcha atrás

Risco de autoatropelo

Frecuentemente sucede cando o operario queda atrapado entre as manceiras e un obxecto ríxido, coma pode ser unha parede en manobra de marcha atrás. A gravidade do atropelo no só depende da velocidade do vehículo.

Medidas de protección a adoptar

As mesmas que no caso anterior

Medidas de prevención a adoptar

O acelerador non debe ser enclavable

Debe existir un mecanismo de parada na empuñadura

As manceiras serán regulables

Risco de atrapamento

Captura das extremidades superiores no momento da posta en marcha.

Medidas de prevención a adoptar

Comprobar que no momento do arranque a máquina está en punto morto

No momento de subir ó remolque dispoñer de rampas axeitadas.

No caso de non dispoñer de remolque utilizar a plataforma hidráulica do tractor

Realiza unha correcta anclaxe

En modelos de arranque con sirga

Comprobar que a asa do extremo e as propias mans estean limpas e secas

Comprobar que a corda non está deteriorada

Nunca enrolar a corda entorno á man.

Risco de envorcar

Pódese producir cando o motocultor está traballando coma elemento de tracción e **leva acoplado un remolque**. Nestes casos o operario debe extremar as precaucións, **baixo ningún concepto se excederán os 20 km/h**.

Medidas de protección a adoptar

- Formación específica
- Cumprir as normas do código de circulación
- Coñecemento do modelo de motocultor
- Realizar as operacións de mantemento.

Risco derivado de vibracións

O motocultor é a máquina que somete ó operario a maiores vibracións, sendo a zona que máis sofre o sistema brazo-man, especialmente coa fresa en movemento.

Medidas de protección e prevención

- Revisar o motocultor, comprobar o axuste de tódalas pezas
- Evitar xornadas prolongadas
- Adecuar a lonxitude das manceiras
- Realizar as labores en tempero
- Ter un silenciador do tubo de escape adecuado

Risco de proxeccións

Tanto os elementos ríxidos baixo o tren de aixadas coma os propios elementos mecánicos, posúen o risco de saír proxectados.

Medidas de protección e prevención

- Tren de aixadas provisto de cuberta integral
- Evitar traballar próximo a outras persoas
- Revisión periódica de dita cuberta e das aixadas

Risco de incendio

Pode haber dúas causas: Inflamación do combustible ó caer sobre partes quentes ou as chispas resultado do impacto das aixadas con pedras.

Medidas de prevención

- Non fumar
- Modificar, se é preciso, a saída do escape. Evitando a proximidade coa boca do combustible
- Evitar repoñer en zonas con materiais combustibles
- Realizar as labores de mantemento en frío

HORTOS URBANOS

DA DEPUTACIÓN DE LUGO

